PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

Tardes de libro e praia

05.08.2010 Para Rosa Aneiros o verán é unha época "particularmente bonita" debido ó seu amor polo mar

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Na oficina pola mañá, na praia pola tarde. Parece o argumento dunha película de espionaxe levado a algo máis habitual, pero é o transcurso do día a día de Rosa Aneiros. A escritora coruñesa aproveita o tempo libre que lle permite o ritmo máis relaxado da época estival para gozar dos paseos pola beira do mar e as horas tombada na area cun libro na man. Aínda sen proxectos para a temporada que vén porque lle queda algo lonxe, considera que a escrita non é unha profesión e que non entende de vacacións, xa que a mellor idea pode xurdir en calquera momento.

Verán de pracer ou de traballo?

Pois aínda non collín as vacacións, estou traballando.

E onde está agora mesmo?

Dígocho ou non cho digo? Estou na praia, por iso para ti que estás traballando non sei se está ben que cho diga (risas). Estou traballando, pero como traballo de mañá aproveito polas tardes para ir á praia.

Ten xa algún proxecto en mente para a próxima tempada?

Pois non, aínda non, aínda me queda un pouco lonxe.

Que lle gusta máis do verán?

Pois supoño que o que a todo o mundo, quero dicir, a min gústame moito a praia e é un tempo no que se pode desfrutar máis, e a fin de contas a carga de traballo adoita ser menor que no inverno, aínda que estea traballando digamos que camiñamos a un ritmo diferente ca no inverno, o cal se agradece.

E para vostede ten algo de especial ou é unha estación coma as demais?

Si que me gusta moito porque eu son de Valdoviño e para min a praia é moi importante, gústame moito o mar e é unha época diferente, todas as épocas son bonitas pero particularmente o verán.

Con que está a pasar o verán: cun libro, co iPod, un DVD...?

Pois agora mesmo estaba lendo un libro. Estou lendo *Santa Evita*, de Tomás Eloy Martínez. É un libro que me regalou Débora Campos e que gozo lendo.

Pensa que a literatura para un escritor é ó mesmo tempo profesión e hobby?

Non, non é unha profesión, eu escribo porque me gusta e porque gozo facéndoo, pero nunca o considerei como tal e espero seguir así.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Non necesariamente, eu creo que hai momentos do día e da vida para todo. Hai momentos nos que necesitas máis a lectura e momentos para facer outra cousa: pasear cos amigos, gozar coas conversas... Cada cousa ten o seu momento. É certo que normalmente, non sempre, hai moitos escritores que len máis cá media e é común velos sempre con libros, pero hai grandes lectores que non son escritores.

Cando un está de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

Nunca sabes cando te vai sorprender unha boa idea. Ó mellor nun momento no que estás máis estresado e máis atafegado polo traballo ou calquera outra cousa, precisamente como válvula de escape aparece unha boa idea que paga a pena ser contada. As miñas mellores ideas creo que nunca viñeron en momento de asueto. Aínda así, é certo que cando tes a cabeza máis relaxada podes dedicar máis tempo a pensar como fiar e desenvolver unha idea.

Se puidese escoller a calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Cos meus, coa xente que quero, a miña familia e cos meus amigos.

Como é o primeiro día de escritura tras a temporada de vacacións? Custa arrincar?

Eu non teño vacacións na escrita, non marco uns días nos que digo: "agora descanso". No momento en que quero escribir escribo, non considero que haxa un día no que diga: "hoxe vou comezar, como me custa!". Non ten nada que ver para min o tempo vacacional co tempo de escrita en absoluto, non se rexe por esas pautas.

FICHA

Entre a escrita, a prensa e a radio

Nome: Rosa Aneiros Díaz.

Lugar de nacemento: Valdoviño, A Coruña (comarca de Ferrol).

Ano de nacemento: 1976.

Obras: *Eu de maior quero ser* (Sotelo Blanco, 1999), *Veu visitarme o mar* (Xerais, 2004), *Ao pé do abismo* (Xerais, 2007), *Sol de inverno* (Xerais, 2009), *Ás de bolboreta* (Xerais, 2009)...

Premios: Premio Xerais de Novela 2009 por *Sol de inverno*, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil por *Ás de bolboreta*.

Ademais: Traballa como xornalista dixital do Consello da Cultura Galega, colabora en diversos medios escritos galegos e nacionais e colabora no programa da Radio Galega *Un día por diante*.